

letras atlánticas

Ano Novoneyra, a traca final

Alvarellos e Follas Novas publican os derradeiros traballos do ano sobre o escritor do Courel



ARMANDO
REQUEIXO

ALVARELLOS

“O primeiro deles compila medio cento de textos escritos polo autor entre 1955 e 1999”

FOLLAS NOVAS

“Inclúe un poemario escrito contra 1952 e probablemente o primeiro redactado nesta lingua”

Remata o ano e con el o tempo de homenaxe ao grande poeta courelao Uxío Novoneyra, figura á que se dedicou o Día das Letras Galegas deste 2010 que toca á súa fin. Mais o ano que se vai non quixo despedirnos sen deixar para gorento lector algúns novos títulos sobre o escritor que han ficar como destacada referencia textual para o futuro.

Entre os volumes que este remate de ano nos trae quero destacar especialmente dous: “Gran Lugo de nebra”, publicado por Alvarellos Editora en edición de Pilar García Negro, e mais “Falorpi-

ñas de neve e cartas a Manuel María”, tirado do prelo de Follas Novas Edicións baixo a supervisión editora de Élida Abal, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero e Luís Cochón.


O primeiro deles compila medio cento de textos (en prosa e verso) escritos polo autor nun período dilatado de tempo, entre 1955 e 1999. Son creacións que teñen como tema central ou presenza decisiva a cidade de Lugo e as súas xentes, pois non en van en vida tivo sempre Novoneyra idea de publicar un libro que había de se chamar “Poemas lugueses” e que nunca veu luz como tal. Ese vello e agarimado proxecto é o que agora recupera Alvarellos, precedido dun longo e documentado estudo da profesora García Negro, nunha edición que incorpora unha ducia de composicións inéditas e que se adorna con fermosas ilustracións do pintor Blas Lourés.

O segundo destes libros reúne o que en realidade son dúas obras ben diferenciadas: dunha banda “Folorpiñas de neve”, poemario escrito contra 1952 e, polo mesmo, probablemente o primeiro redactado nesta lingua por

Novoneyra. Dezaoito poemas que son a raiceira da que tres anos despois agromaría a árbore florecida que todos recoñecemos no seu “Os eidos”.

Doutra parte, as “Cartas a Manuel María” reproducen as misivas cruzadas entre os dous poetas lucenses nos anos 1953-1954, tempo polo que nacía unha amizade que acabou en fraternidade de por vida, escritos nos que descubrimos as inxerencias vitais e literarias destes dous grandes nomes das letras de noso cando aínda o seu camiño estaba por andar.

Amáis destes dous volumes, nos vindeiros días estará en circulación Celebración, II, continuación do libro homónimo que o Centro Ramón Piñeiro publicara a primeiros de ano. Nesta nova entrega, tamén ao coidado do equipo dirixido por Alonso Girgado, han aparecer novas achegas bio-bibliográficas, unha trintena de pregóns novoneyranos nunca antes publicados, dez cartas inéditas a Otero Pedrayo e unha ducia máis a Ramón Piñeiro, tamén non éditas e nas que se reproducen novas versións de poemas xa coñecidos e mais algúns orixinais manuscritos do que, ao que parece, son inéditos líricos do do Courel.



Uxío Novoneyra

Falorpiñas de neve

*

Cartas a Manuel María



Libros da Frouma

Finalmente, en comezando o ano terá de saír Cartas de poeta, obra coa que o Consello da Cultura Galega se sumará a este labor exhumatorio da produción de Novoneyra, pondo por xunto corenta e cinco cartas enviadas por este a Ramón Piñeiro.

Non se pode dicir, non, que este ano que escapa teña sido tempo

goro en recuperacións textuais do homenaxeado. O noso coñecemento do mundo literario de Novoneyra é agora moito máis fondo e amplo, mercé, entre outras cousas, a esta sonora traca final de valiosos traballos cos que toca ir mudando o almanaque.

armandorequeixo@hotmail.com

PROMOCIONA
TU BANDA
CON NOR
DESÍA

Contacta con nosotros en nordesia@diariodeferrrol.com o bien en nuestra sede en C/ Galiano, 31 Bajo - Ferrol